

## Deporte de Orientación

# CAMPIONATO GALEGO DE REMUDAS

**CARRERAS DE ORIENTACIÓN**

**Campionato Galego de Remudas**

**Campus Universitario de Vigo 12/12/2015**

Toda a información en [WWW.AROMON.ES](http://WWW.AROMON.ES)  
e en [WWW.FEGADO.ES](http://WWW.FEGADO.ES)

**Organellos:** AROMON, FEDO, FEGADO

**Patrocinador:** HOTEL AVENIDA PONTEVEDRA, UNIVERSIDADE DE VIGO

**Colaborador:** SETGA, FROIZ, CHEM, Universidade de Vigo

Cerimonia de Clausura da Tempada 2015


Entrega de Trofeos das Ligas de Orientación a pé, O-BM e Raid

## DATOS BÁSICOS

<b>DATA:</b>	12 de decembro de 2015
<b>ORGANIZA:</b>	Club Montañeiros de Pontevedra – A Roelo (AROMON) Federación Galega de Orientación (FEGADO)
<b>LUGAR:</b>	Campus Universitario de Vigo (CUVI)
<b>MAPA:</b>	CUVI
<b>Localidade:</b>	Vigo (Pontevedra)
<b>Autor:</b>	Javier Arufe, Natalia Pedre
<b>Data:</b>	2011
<b>Nº Rex FEDO:</b>	PO-1257-11
<b>Escala:</b>	1/7500
<b>Equidistancia:</b>	5m

## CÓMO CHEGAR

Na AP-9 tomar a saída 159-A cara a A-55 en dirección Vigo. Manterse no carril dereito e xirar á dereita hacia A-55 dende onde estará sinalizado o itinerario.



<https://goo.gl/maps/MkJ8UGKhEWQ2>





## PROBA

A proba constitúe o **Campionato Galego de Remudas** na modalidade deportiva de Orientación.

Trátase dunha competición por **equipos mixtos de tres participantes**, de xeito que tódolos equipos que queiran optar ó título deben ter participantes de xénero masculino e feminino pertencentes ó mesmo club, permitíndose a participación de equipos non mixtos que clasificarán a partir do último equipo mixto.

Os equipos formados por corredores de distintos clubs participarán fóra de concurso.

A carreira organizárase en tres quendas atendendo ó primeiro, segundo e terceiro corredor de cada equipo. A saída será en masa para tódolos corredores da primeira quenda. Os corredores da segunda e terceira quenda saíran a medida que fagan a remuda á chegada dos seus compañeiros. Ás 11:30h. darase a saída en masa dos corredores que aínda non tiveran feito a súa remuda.

Contabilizarase a efectos de clasificación o tempo total investido polas tres quendas de cada equipo en completar o percorrido.

Haberá un percorrido de **iniciación curta** e outro de **iniciación longa** sin remudas para participantes non federados.

## PROGRAMA

- 9:00** Entrega de dorsais e tarxetas S.I. de aluguer.
- 9:30** Demostración do xeito de efectuar a remuda.
- 9:45** Limpeza e comprobación de tarxetas S.I.
- 10:00** Saída en masa da primeira quenda.
- 11:30** Saída en masa dos corredores que aínda non fixeran a súa remuda.
- 12:15** Peche de meta.
- 12:30** Entrega de trofeos do Campionato Galego de Remudas.
- 12:45** Entrega de trofeos das Ligas Galegas 2015 Ori a pe, O-BM e Raid.
- 13:30** Clausura da Tempada Galega de Orientación 2015.
- 13:45** Pincho e viño de despedida da Tempada

## SISTEMA DE CRONOMETRAXE SPORTIDENT

Uso de tarxeta electrónica SportIdent obrigatorio. Quén non teña tarxeta electrónica S.I. terá que alugala. Abonda con deixar en branco o campo correspondente no formulario de inscrición para que a organización lle alugue unha de oficio que terá que recoller o día da proba xunto có dorsal.

## CATEGORÍAS

As categorías varían con respecto ás habituais da Liga Galega. A continuación móstranse as categorías da proba sinalando como se agrupan as categorías habituais da Liga Galega nas mesmas:

INICIACIÓN CURTA →(INICIACIÓN CURTA). NON É UNHA PROBA DE RELEVOS. É INDIVIDUAL

INICIACIÓN LONGA →(INICIACIÓN LONGA). NON É UNHA PROBA DE RELEVOS. É INDIVIDUAL

**INFANTIL** →(H-12, M-12, H-14, M-14)

**XUVENIL** →(H-16, M-16, H-18, M-18)

**SENIOR** →(H-21, M-21, H-21C, M-21C, H-21L, M-21L, ÉLITE, M ÉLITE)

**VETERÁNS A** →(H-35, M-35)

**VETERÁNS B** →(H-45, M-45, H-55, M-55)

Os corredores dunha categoría inferior pódense integrar en equipos dunha categoría superior (p.ex. corredores de H/M-12 poden participar en categoría XUVENIL. Ou corredores de H/M-45 poden participar en categoría VETERÁNS A ou SENIOR)

## DESCRIBIÓN DO TERREO:

Carreira rápida en mapa semiurbano con zonas de terreo aberto e de terreo boscoso. Boa penetrabilidade a nivel xeral con presenza de vexetación rasteira en zonas puntuales.





## SAÍDAS

A saída dos corredores de remudas será **en masa para a primeira quenda**: despois de limpar e comprobar a súa tarxeta S.I. pasarán á zona de saída onde se lles dará o seu mapa e a saída. Mentras, os corredores da segunda e terceira quendas agardan na zona de quencemento, limpan e comprobán a súa tarxeta S.I. Éstes, ó ver pasar ó seu compañeiro pola baliza do espectador pasarán á zona de remuda e agardarán a súa chegada. Unha vez feita a remuda o corredor que finaliza o seu percorrido diríxese á meta e o corredor da segunda ou terceira quenda, segundo corresponda, sae a facelo seu percorrido.

Os corredores de iniciación poderán sair á hora que queiran **entre as 10:15h e as 11:30h** coidando a organización de deixar o espazo de tempo prudente entre eles.

## INSCRICIÓN

Tódolos participantes deben inscribirse por medio da intranet de FEGADO no evento correspondente publicado na web <http://fegado.es> elixindo a categoría propia da Liga Galega. Os responsables de cada clube deben de enviar, ademáis, o formulario de equipos de remudas que se publicará na páxina do evento, debidamente cuberto, á dirección de correo-e [ori@aromon.es](mailto:ori@aromon.es). Aquí é donde se elixirá a categoría de remudas para a proba.

**Data límite: martes 8 de decembro, 22 h**

## PREZOS

**Federados:** 4 €

**Non federados**(inclúe licenza-seguro federativo de 1 día):

-INICIACIÓN CURTA: 6 €

-INICIACIÓN LONGA: 8 €

**Aluguer de tarxeta S.I.:** 3 €



## PAGO

O PAGO das inscricións + aluguer das tarxetas sportident farase por ingreso na conta bancaria.

Titular: **Club MONTAÑEIROS DE PONTEVEDRA**

Banco: **ABANCA**

IBAN: **ES08 2080 5403 4030 4011 8709**

Concepto: **ORI RELEVOS + nome de club (ou do participante non federado)**

Enviar o xustificante do ingreso ao correo-e: [aromon@aromon.es](mailto:aromon@aromon.es)

**É moi importante** que os formularios se envíen antes de finalizar o prazo de inscrición polas dificultades que entraña a xestión de inscricións neste tipo de probas.

**É moi importante** que os responsables de cada club teñan en conta que a orde de inscrición no formulario de equipos de remudas será a orde de saída de cada quenda. Non se permitirán cambios de orde nin de corredores salvo causa xustificada (lesión ou similar).

En ningún caso se admitirá a inscrición de equipos novos.

En ningún caso se admitirá ningún tipo de cambio a partir do venres 11 ás 14:00h.



## ORGANIZA



## PATROCINA



## COLABORA



Universidade de Vigo

